

PLAN DE ACTUACIÓN PARA O EXERCICIO 2026

ENTIDADE	Fundación Deporte Galego
CIF	G-15769383
NÚMERO DE REXISTRO	2001/12
EXERCICIO	2026

DATOS DA ENTIDADE:

DOMICILIO	Rúa Madrid 2-4, 2º andar
LOCALIDADE	Santiago de Compostela
CÓDIGO POSTAL	15781
PROVINCIA	A Coruña
CORREO ELECTRÓNICO	fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal
TELÉFONO	881 996 373
PERSOA DE CONTACTO	Iván Clavel San Emeterio (Director-Xerente)

INDICE

1. NATUREZA XURÍDICA E ADSCRICIÓN.....	3
2. OBXECTO E VIXENCIA DO PLAN DE ACTUACIÓN.....	5
3. OBXECTIVOS DA FUNDACIÓN PARA 2026.....	7
4. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2026.....	13
5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....	20
6. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....	22

1. NATUREZA XURÍDICA E ADSCRICIÓN

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, a Fundación foi constituída pola Xunta de Galicia, como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación. A Fundación, constituída sen ánimo de lucro está declarada de interese galego por Orde do 19 de xuño de 2001, no que o patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto. Ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ó réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Está adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

Servido ao interese xeral de Galicia e de acordo a os estatutos aprobados no padroado, e elevados a público o 9 de xullo de 2024, a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calesquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas función sociais.

Para todo isto, a Fundación, tal e como establecen os seus estatutos, poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadxuven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.
- Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.
- Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.
- Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.



- Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.
- Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.
- Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/ás usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.
- Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A fundación xestionará, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:
 - Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)
 - Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)
 - Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)

2. OBXECTO E VIXENCIA DO PLAN DE ACTUACIÓN

O Plan de actuación, que constitúe o marco básico da actividade da Fundación, ten por obxecto regular a súa actuación durante o exercicio 2026 mediante o establecemento das accións a desenvolver, os obxectivos a acadar e as persoas ou unidades responsables da súa execución. A vixencia deste Plan iniciárase o 1 de xaneiro de 2026 e estenderase ata o 31 de decembro do mesmo ano.

A xestión e execución do presente Plan de actuación levarase a cabo de conformidade cos mecanismos de integridade recollidos no Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Fundación Deporte Galego, en particular mediante a aplicación das medidas previstas nas matrices de avaliación de riscos incluídas no Anexo A do devandito plan.

A través deste Plan de actuación, a Fundación Deporte Galego pretende dar cumprimento ao seu obxecto social, tal e como se establece no artigo 6 dos estatutos fundacionais, relativo aos "fins e actividades fundacionais".

Neste sentido, e tomando como referencia cada un dos puntos recollidos no citado artigo dos estatutos, cómpre sinalar o seguinte:

- Como eixo transversal de todas as actuacións desenvolvidas anualmente pola Fundación, destaca a colaboración coas administracións públicas e con institucións e entidades, tanto públicas como privadas, no desenvolvemento dunha ampla diversidade de actividades, accións e programas. Durante o exercicio 2026 será habitual a colaboración con universidades, empresas e co tecido asociativo galego en xeral, e co deportivo en particular. A Fundación persegue a creación de ferramentas e modelos que faciliten o traballo cooperativo entre todos os axentes implicados, co obxectivo de que estas colaboracións sexan sostibles no tempo, promovendo o empoderamento da cidadanía para a incorporación de hábitos saudables e, en particular, da práctica regular de actividade física na vida cotiá.
- A organización directa por parte da Fundación de eventos, actividades formativas, grupos de traballo, entre outras iniciativas, así como o apoio a actividades promovidas por terceiros, constitúe a concreción práctica das actuacións recollidas neste Plan de actuación.
- A promoción do deporte galego de alto nivel é outro dos fins fundacionais e permite, por unha banda, a obtención de destacados resultados por parte de clubs e deportistas e, por outra, o incremento do número de equipos de alto nivel con estrutura de deporte base que participan en competicións nacionais e internacionais. O deporte de alto nivel e o deporte base deben avanzar de maneira conxunta, na medida en que as entidades e deportistas de alto nivel actúan como referente para o deporte base, mentres que este último constitúe o xermolo do futuro deporte de alto nivel e, sobre todo, dun modelo de sociedade galega saudable e fisicamente activa. Así mesmo, o outorgamento de axudas e patrocinios por parte da Fundación xera un importante retorno para o deporte galego e para Galicia, tanto a través dos excelentes resultados deportivos acadados polos nosos deportistas,



adestradores/as e árbitros/xuíces, como polo elevado grao de empatía e orgullo social que supón a súa representación da comunidade galega en competicións estatais e internacionais de máximo nivel, tales como os Xogos Olímpicos e Paralímpicos, Campionatos do Mundo e de Europa, entre outras.

- Os estatutos fundacionais inclúen tamén entre as súas prioridades a realización de actividades orientadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado por parte de entidades e institucións para o apoio ao deporte e aos deportistas galegos/as, así como a promoción de actuacións dirixidas a implicar os medios de comunicación na divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos deportistas galegos/as. Neste marco, traballárase para reforzar a comunicación das actividades propias, así como daquelas subvencionadas ou patrocinadas pola Fundación, coa finalidade de mellorar a identidade corporativa nas campañas de comunicación e de acadar unha comunicación máis áxil e eficaz coa cidadanía.
- No relativo ás instalacións deportivas, e en liña co desenvolvido en exercicios anteriores, así como co mandato recibido da Xunta de Galicia no momento da cesión dos centros deportivos recollidos nos estatutos, a Fundación continuará coa súa xestión, directa ou indirecta, co obxectivo de garantir a prestación do mellor servizo posible á cidadanía, favorecendo que un número crecente de galegos e galegas practiquen actividade física de forma regular.

3. OBXECTIVOS DA FUNDACIÓN PARA 2026

A misión da Fundación Deporte Galego é promover e incrementar a práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, potenciando os seus beneficios máis alá da mera competición, especialmente nos ámbitos da saúde e da economía, e aproveitando plenamente as súas funcións educativa e social.

O grao de cumprimento dos indicadores e o desenvolvemento económico das actuacións correspondentes ao exercicio 2024 están a resultar adecuados, acadándose ou mesmo superándose os obxectivos previstos, particularmente nas actuacións vinculadas ao desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable", na convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel e no impulso do deporte galego a través de convenios, axudas e patrocinios dirixidos a entidades deportivas.

Para o desenvolvemento do Plan de actuación descrito, e atendendo ás prioridades sinaladas, a Fundación organízase do seguinte xeito:

a) Órgano de goberno: Padroado.

Está integrado por un Presidente, un Vicepresidente e catro Vogais, e disporá dun Secretario, quen asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto, debendo levantar a correspondente acta.

Con independencia das funcións que lle atribúen os estatutos, a título unicamente enunciativo, serán facultades do Padroado:

- Cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais, que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- Determinar os criterios de actuación e os procedementos xerais aos que deba suxeitarse a Fundación, que en todo caso axustaranse á normativa que lle é de aplicación.



- Acordar a adquisición, enaxenación e gravame de bens mobles ou inmobles para ou pola Fundación, subscribindo os correspondentes contratos.
- Aprobar o cadro de persoal.
- Aprobar as bases dos procesos selectivos do persoal.
- Nomear e cesar ao Director-Xerente, por proposta da Presidenta do Padroado.

Particularmente, correspóndenlle á Presidente da Fundación as seguintes atribucións:

- Convocar as xuntanzas do Padroado, establecendo a súa orde do día, presidíndoas e dirixindo os seus debates.
- Representar á Fundación ante todo tipo de institucións públicas e persoas físicas ou xurídicas privadas, sendo o encargado de subscribir os acordos relativos ao establecemento de colaboracións destinadas á obtención de recursos económicos, agás nos supostos nos que expresamente se habilite a outro membro do Padroado.
- Seguindo as directrices do Padroado, dirixir a organización e actividades da Fundación, sen prexuízo das funcións encomendadas ao Director-Xerente.

Corresponderá ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.


b) Órgano de xestión: Director-Xerente. A título meramente enunciativo, corresponderán ao Director-Xerente as seguintes atribucións:

- Propor, en base ás directrices emanadas do Padroado e do/da Presidente/a, os plans periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades a realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.
- Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas axeitadas para levalos á práctica.
- Coordinar a organización do traballo, dirixir e facer seguimento do persoal da Fundación e propor anualmente a relación de postos de traballo.
- Formular o plan de actuación para a súa presentación e aprobación polo Padroado.
- Realizar os traballos precisos para a elaboración e formulación das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.

- Administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación, así como os cobros e pagos e os investimentos, nas condicións establecidas polo Padroado.
- Formular as contas anuais
- Representar á Fundación diante dos/as usuarios/as, clientes, provedores, patrocinadores, colaboradores, traballadores, Administracións Públicas, etc..
- Elaborar a documentación a presentar aos órganos da Fundación e cantos informes soliciten, así como executar as propostas que aproben.
- Aprobar a celebración de acordos, convenios e contratos que sexan de interese para a Fundación, segundo os poderes especificamente atribuídos polo Padroado.
- Todas aquelas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Padroado na súa condición de xestor/xestora ordinario/a da Fundación

C) Equipo de xestión: 8 traballadores/as.

A nivel operativo, para o desenvolvemento do Plan de actuación por parte do persoal da Fundación Deporte Galego establécense tres áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e peso dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. A representación destas áreas de traballo estruturase como segue:



O sistema de traballo da Fundación é de carácter eminentemente interdisciplinar, debido ao reducido número de efectivos cos que conta para o desenvolvemento do conxunto das actuacións previstas. Non resulta viable dispoñer de coordinadores nin de persoal específico e diferenciado para cada área, xa que a carga de traballo non é homoxénea ao longo do ano, producíndose períodos nos que unha determinada área pode requirir a dedicación da totalidade dos efectivos, mentres que noutras non se rexistran necesidades operativas significativas.

Neste contexto, e co obxectivo de garantir un sistema de xestión eficiente, a coordinación de todas as áreas recae na figura do xerente, mentres que o resto do persoal se distribúe entre as distintas áreas en función da porcentaxe de carga de traballo que se estima que deberán asumir en cada momento. As áreas estrutúranse do seguinte xeito:

a) Área de fomento da Actividade Física e o Deporte.

Responsabilízase da coordinación do Plan Galicia Saudable e da xestión das instalacións deportivas de titularidade autonómica no marco dos cales se están desenvolvendo as actuacións de fomento da actividade física e o deporte.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico como coordinador do Plan Galicia Saudable
- 2 directores técnicos e un coordinador na dirección das Instalacións Deportivas
- 2 auxiliares administrativas.
- 1 auxiliar contable

b) Área de axudas e programas de atención ás persoas deportistas galegas de alto nivel (DGAN)

Responsabilízase das convocatorias de axudas, dos convenios e contratos ás persoas deportistas galegas de alto nivel nas súas fases de preparación, asignación, seguimento, xustificación e pagamento.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico para coordinar as actuacións con deportistas.
- 1 director técnico de apoio.
- 1 auxiliar administrativa.
- 1 auxiliar contable

c) Área de patrocinio ás entidades de alto nivel de Galicia

Responsabilizárase dos convenios e contratos de patrocinio ás entidades de alto nivel de Galicia nas súas fases de preparación, asignación, seguimento, xustificación e pagamento.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico para coordinar as actuacións con entidades
- 1 director técnico de apoio.
- 1 auxiliar administrativa.
- 1 auxiliar contable

3.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os obxectivos estratéxicos da Fundación Deporte Galego pretenden contribuír ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos encadrados no Eixo 1 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, o Reto Demográfico. En particular, á prioridade de actuación 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

En concreto a Fundación pretende o seguinte obxectivo estratéxico 1.4.07:

- Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como a procurando as condicións máis adecuadas que coadxuven aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia.


3.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

Para a consecución do obxectivo estratéxico, establécense os seguintes obxectivos para o exercicio 2026:

- Incrementar o número de entidades beneficiarias e os recursos destinados ao deporte galego de alto nivel.

- Desenvolver actuacións que faciliten aos deportistas a compatibilización da práctica deportiva cos estudos ou coa actividade laboral, así como promover medidas que favorezan a súa incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva.
- Fomentar a práctica de actividade física e a mellora da condición física en conxunto da poboación, co obxectivo de reducir o risco de padecer enfermidades non transmisibles.
- Integrar de maneira transversal os principios de igualdade e inclusión nas actuacións da Fundación, tanto na práctica deportiva en xeral como no deporte de alto nivel en particular.

Para acadar os obxectivos enunciados planifícanse tres actividades, tal e como se reflicte na seguinte imaxe:



4. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2026

ACTIVIDADE A001. FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA A TRAVÉS DO PLAN GALICIA SAUDABLE

A. Identificación.

Denominación da actividade	Fomento da actividade física a través do Plan Galicia Saudable
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: Deportivo para a poboación en xeral
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

Desde o ano 2011, o Plan Galicia Saudable vén desenvolvendo intervencións dirixidas a fomentar a actividade física ao longo de todas as etapas da vida, actuando en ámbitos diversos como o laboral, o educativo ou o sanitario. Estas actuacións incorporan unha atención específica a colectivos que requiren un apoio adicional, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, especialmente mulleres, persoas con discapacidade e outros grupos en situación de risco de exclusión social.

A evidencia científica dispoñible confirma que a práctica regular de actividade física e exercicio constitúe un factor clave na prevención das enfermidades crónicas non transmisibles. Neste marco, no ano 2020 a Organización Mundial da Saúde actualizou as súas recomendacións sobre a práctica de actividade física para todas as idades, reforzando a necesidade de promover hábitos activos na poboación.

Co fin de acadar os obxectivos establecidos e atendendo aos distintos ámbitos de actuación nos que se estrutura o Plan, planifícanse as seguintes actividades:

- **ÁMBITO LOCAL-COMUNITARIO:**
 - Establecer unha rede de centros promotores da saúde (Unidades de Actividade Física e Exercicio, UAEF) que traballen de forma coordinada, a través da avaliación da condición física relacionada coa saúde, a prescrición de actividade física, exercicio físico e deporte, a alimentación saudable e outros hábitos de vida orientados á mellora da saúde das persoas.
 - Organización de cursos para profesionais do exercicio e da Actividade Física que permitan a correcta prescrición de exercicio no ámbito comunitario.
- **ÁMBITO EDUCATIVO:**
 - Ampliación dos colectivos de actuación dos programas de fomento da actividade física e da plataforma DAFIS no ámbito educativo iniciados ao abeiro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- **ÁMBITO SANITARIO:**
 - Posta en práctica dun programa de prescrición de actividade física na que exista unha coordinación efectiva entre os facultativos, outros axentes do sistema sanitario e os profesionais da actividade física.
 - Cursos de formación para persoal sanitario en coordinación coa Consellería de Sanidade, co obxectivo de que os profesionais sanitarios recomenden a práctica de Actividade Física.
- **PERSOAS MAIORES:**
 - Xornadas formativas e divulgativas sobre envellecemento activo, con modelos de intervención comúns nos centros de maiores
- **NOVAS TECNOLOXÍAS:**
 - Mellora da plataforma para a prescrición e seguimento da práctica de actividade física por profesionais.
 - Mellora da plataforma DAFIS de valoración da condición física saudable para a súa aplicación en diferentes ámbitos e modelos de actuación.

B. Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	8	7.992
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	124.130
Persoas xurídicas	895

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar o número de persoas físicas e entidades beneficiarias directas do Plan	Número de persoas beneficiarias	15.200
Incrementar o número de entidades beneficiarias directas do Plan	Número de entidades beneficiarias	585
Organizar xornadas formativas e divulgativas	Número de persoas beneficiarias	135
Incrementar o número de alumnos/as avaliados a través da plataforma DAFIS	Número total de alumnos avaliados	53.000
Incrementar o número de alumnos/as participantes nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva (PVAD)	Número de alumnos/as	59.000
Incrementar o número de centros educativos participantes no Plan Proxecta (PVAD)	Número de centros educativos	285

ACTIVIDADE A002. AXUDAS E PROGRAMAS DE ATENCIÓN AOS/ÁS DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL

.A. Identificación.

Denominación da actividade	Axudas e programa de atención aos/ás deportistas de alto nivel
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G99: Deportivo para outros grupos
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

A Fundación Deporte Galego ten como finalidade fundacional a promoción do deporte en Galicia e, de acordo cos seus estatutos, ten atribuída, entre outras funcións, a promoción e o fomento do deporte de alta competición na Comunidade Autónoma.

Neste marco, a Fundación Deporte Galego desenvolve anualmente unha convocatoria de axudas dirixida ás persoas deportistas galegas que compiten no máximo nivel deportivo, tanto no ámbito estatal como no europeo e internacional.

Así mesmo, o Decreto 165/2020, polo que se regula o deporte de alto nivel, o alto rendemento e o rendemento deportivo de base en Galicia, encomenda á Fundación Deporte Galego a posta en funcionamento da Oficina de Atención ao Deportista. Este servizo concíbese como un programa integral de apoio en distintos ámbitos dirixido aos deportistas galegos que, polo seu elevado nivel deportivo, precisan dunha dedicación intensiva á práctica deportiva, o que pode dificultar a compatibilización da súa carreira deportiva coa formación académica e, nalgúns casos, coa actividade profesional.

Neste contexto, promoverase a formalización de convenios e contratos destinados a ofrecer servizos de apoio ás persoas deportistas, adestradoras e árbitros/xuíces, especialmente nos ámbitos psicolóxico, laboral e formativo

.B. Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	5	1.165
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

.C. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	440
Persoas xurídicas	0

.D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Consolidar as convocatorias de axudas a deportistas galegos de alto nivel	Deportistas galegos de alto nivel beneficiarios (homes)	255
Consolidar as convocatorias de axudas a deportistas galegas de alto nivel	Deportistas galegas de alto nivel beneficiarias (mulleres)	125
Poñer en marcha da Oficina de Atención ao Deportista	Número de deportistas beneficiarios	60

ACTIVIDADE A003. PATROCINIO ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS DE ALTO NIVEL DE GALICIA

A. Identificación:

Denominación da actividade	Patrocinio ás entidades deportivas de alto nivel
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G99: Deportivo para outros grupos
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

De conformidade cos seus Estatutos, a Fundación ten por obxecto a promoción e o impulso do deporte e da práctica deportiva en Galicia, así como o fomento da actividade física, do deporte base e do deporte de alta competición como fins esenciais da súa actuación.

Neste contexto, o Plan de patrocinio constitúe unha ferramenta estratéxica de primeiro nivel para reforzar a presenza do deporte galego nas máximas categorías competitivas, tanto no ámbito estatal como no internacional, contribuíndo á consolidación e ao crecemento sostible das entidades e das persoas deportistas das distintas modalidades deportivas incluídas nel. O patrocinio permite, ademais, mellorar as condicións de preparación, visibilidade e profesionalización do deporte galego, favorecendo a igualdade de oportunidades e a proxección exterior de Galicia a través do deporte.

Desde os seus inicios na tempada 2009/2010, o Plan ten realizado un investimento continuado nos equipos de alta competición de Galicia, amosando a súa efectividade tanto no incremento do número de equipos apoiados como, de maneira salientable, no impulso do deporte feminino.



B. Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	7	2.997
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	218

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar o número de equipos obxecto de patrocinio	Número total de equipos	218
Incrementar o número de equipos femininos obxecto de patrocinio	Número de equipos femininos	97

5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.

GASTOS / INVESTIMENTOS	PLAN GALICIA SAUDABLE	AXUDAS DGAN E PROGRAMA AT. DEPORTISTA	PATROCINIOS EQUIPOS ALTA COMPETICIÓN	TOTAL
Gastos por axudas e outros	20.000,00 €	700.000,00 €	0,00 €	720.000,00 €
a) Axudas monetarias	20.000,00 €	700.000,00 €	0,00 €	720.000,00 €
b) Axudas non monetarias	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Aprovisionamentos	1.655.000,00 €	0,00 €	0,00 €	1.655.000,00 €
Gastos de persoal	362.390,96 €	35.123,74 €	99.629,30 €	497.144,00 €
Outros gastos de explotación	302.760,00 €	36.010,00 €	2.864.040,00 €	3.202.810,00 €
Amortización do inmovilizado	196.786,80 €	10.932,60 €	10.932,60 €	218.652,00 €
Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Gastos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Diferenzas de cambio	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Impostos sobre beneficios	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal de gastos	2.536.937,76 €	782.066,34 €	2.974.601,90 €	6.293.606,00 €

Adquisicións de inmovilizado(agás Bens Patrimonio Histórico)	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €	10.000,00€
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Cancelación débeda non comercial	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos	10.000,00 €	0,00 €	0,00 €	10.000,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	2.546.937,76 €	782.066,34 €	2.974.601,90 €	6.303.606,00 €

*O Plan de actuación remitido ao Parlamento de Galicia cos orzamentos da Xunta de Galicia, por criterio da normativa de elaboración de orzamentos, non inclúe na cuantificación económica das actuacións, a amortización do inmovilizado, motivo polo cal existe unha diferenza de 218.652,00 euros entre este orzamento e o orzamento do PAIF.

6. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

6.1. Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	IMPORTE TOTAL
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00 €
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	305.000,00 €
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	1.578.500,00 €
Subvencións do sector público	4.229.125,00 €
Achegas privadas	0,00 €
Outros tipos de ingresos	175.109,19 €
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	6.287.734,19 €

6.2. Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	IMPORTE TOTAL
Débedas contraídas	0,00 €
Outras obrigas financeiras asumidas	15.000,00 €
TOTAL OUTROS RECURSOS	15.000,00 €